

# CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS), E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDICINA INTENSIVA E UNIDADES CORONARIAS (SOGAMIUC), PARA A COLABORACIÓN TÉCNICA, CIENTÍFICA E DOCENTE NO ÁMBITO DA DOAZÓN E O TRANSPLANTE DE ÓRGANOS, TECIDOS E CÉLULAS HUMANAS

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2023

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), no exercicio das atribucións previstas no artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a dita Axencia e aproban os seus estatutos, e de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e co establecido, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Pablo Vidal Cortés, presidente da Sociedade Galega de Medicina Intensiva e Unidades Coronarias (SOGAMIUC), CIF G15509466, no uso das atribucións que lle confire o art. 17.d) dos Estatutos desta Sociedade, que se rexe pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, así como, en xeral, polo resto de normativa existente en materia de asociacións que lle resulte de aplicación.

Ambas partes, actuando coa representación conferida, recoñécense a capacidade necesaria para a sinatura do presente convenio marco e, para tal efecto,

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** De conformidade co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, a dita Axencia, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

**Segundo.-** A ADOS ten incluídas na súa Área de Órganos, Células e Tecidos as funcións de coordinación autonómica de transplantes. Así mesmo é a responsable de coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos.



Sociedade Galega de  
Medicina Intensiva e  
Unidades Coronarias

Ademais ten asignada a intervención cos distintos responsables dos programas de transplantes e cos coordinadores hospitalarios para potenciar todas as actuacións tendentes a mellorar o funcionamento destas actividades, especialmente naquelas dirixidas á consecución de doazóns, así como actuar como interlocutor coas representacións cidadás, medios de comunicación e asociacións de doentes incluídos nos diferentes programas.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 3 dos seus estatutos, a Sociedade Galega de Medicina Intensiva e Unidades Coronarias (SOGAMIUC) ten entre as súas funcións promover o progreso no coñecemento e intercambio de novos procedementos e avances técnicos da especialidade adquiridos polas distintas Unidades de Medicina Intensiva, a organización de reunións e intercambios científicos, así como promover a formación de especialistas.

A participación en actividades tendentes á actualización no coñecemento sobre a doazón e a preparación para a interacción con potenciais doadores, son aspectos profesionais que poden encadrarse dentro da formación integral e a promoción do progreso no coñecemento, ao tempo que, a través delas, se fomenta a mellora na consecución de doadores. Así mesmo, debe terse en conta que a tarefa profesional das persoas asociadas a SOGAMIUC desenvólvese en unidades de medicina intensiva e coronarias, tan próximas e sensibles cos problemas e requirimentos da doazón, ademais de ser coincidente cunha actividade de enorme importancia dentro das actividades e iniciativas da ADOS polo que a colaboración nas ditas actividades, resulta de mutuo interese para as partes asinantes.

Á vista do anterior, ambas partes, recoñecendo plena capacidade de obrar e acordan subscribir o presente convenio marco de colaboración de conformidade coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio marco é establecer as liñas xerais que rexerán a colaboración entre a ADOS e SOGAMIUC para a definición e posta en marcha de actividades de colaboración técnica, científica e docente que promovan a necesidade de coñecer e actualizar o proceso de doazón e transplante, como medio para acadar a implicación dos profesionais, actuais e futuros, dos servizos de medicina intensiva e unidades coronarias da nosa comunidade autónoma, especialmente naquelas iniciativas dirixidas á consecución de doazóns, o que permitiría unha maior posibilidade de transplante para os/as pacientes.

A finalidade é que da colaboración das dúas entidades se poida acadar unha maior posibilidade de transplante para os pacientes.

**Segunda.-** Para tal efecto, establécense as seguintes liñas xerais de colaboración:

Liña 1: Promoción de doazón:

a) Desenvolver programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos mecanismos e vías para posibilitar a doazón.



Sociedade Galega de  
Medicina Intensiva e  
Unidades Coronarias

b) Promover campañas informativas de promoción da doazón dirixidas aos profesionais das unidades de medicina intensiva e de cardioloxía.

c) Realizar ou promover calquera outras actividades que redunden na promoción da doazón, así como aquelas outras accións que as partes consideren de interese para os obxectivos perseguidos.

Liña 2: Formación específica:

Incluiranse nesta liña de colaboración cantas accións permitan a posta en práctica de programas colectivos para a formación dos profesionais, presentes ou futuros, en materia de doazón e transplante, así como as vías, protocolos e mecanismos dispoñibles para acadar o éxito dos programas na materia, tanto no eido da promoción coma no da doazón e transplante.

### **Terceira.-** Convenios específicos

A colaboración que se acorde desenvolver polas partes poderá concretarse en proxectos individualizados, cuxas condicións e características recolleranse e concretaranse en cadanseu convenio específico que se tramitará e asinará, suxeito ás directrices establecidas no presente convenio marco, contemplando como mínimo os seguintes aspectos:

- Definición do obxecto do convenio de colaboración específico.
- Obrigas das partes.
- Definición do plan de traballo e produto agardado.
- Cronograma ou prazo de execución.
- Aspectos xurídicos, temporais e de vixencia dos mesmos.
- Orzamento asociado á execución da actividade de colaboración, medios materiais e humanos que requira a actividade, especificando as achegas de cada entidade.
- Normas de coordinación, execución e seguimento da actividade.
- Réxime de publicacións, se fose aplicable.

### **Cuarta.-** Uso de logotipos

Cando as actividades conxuntas leven consigo a elaboración de publicacións, estudos, proxectos ou materiais divulgativos ou informativos, estes levarán inserido o logotipo ou distintivo das partes asinantes, farán mención á colaboración desenvolvida, e ambas partes poderán utilizalos nos seus respectivos ámbitos de actividade.

### **Quinta.-** Publicidade da colaboración

En calquera actividade promovida ou realizada polas partes ao abeiro do presente convenio marco ou contemplada en acordos específicos, farase constar que a mesma é froito da colaboración establecida entre as mesmas, e terá carácter gratuíto para o público asistente ou participante.



Sociedade Galega de  
Medicina Intensiva e  
Unidades Coronarias

#### **Sexta.-** Información facilitada

A ADOS facilitará a SOGAMIUC a información e soporte institucional necesarios para desenvolver correctamente a súa actividade no ámbito da doazón e transplante. Da información queda excluída aquela que teña a consideración de persoal ou especialmente protexida.

#### **Sétima.-** Comisión de Seguimento

Créase unha comisión de seguimento formada por:

- O/a presidente/a de SOGAMIUC ou persoa en que delegue.
- O/a director/a da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia ou persoa en que delegue.
- 2 vogais designados por SOGAMIUC
- 2 vogais designados pola ADOS

As funcións da comisión serán as de interpretación, seguimento, coordinación e velar polo correcto cumprimento do presente convenio marco, resolvendo as dúbidas que a súa execución poida presentar. A Comisión de seguimento poderá propoñer a sinatura de convenios específicos relacionados co obxecto do presente convenio marco, ou establecer novas liñas de colaboración dentro do dito obxecto.

#### **Oitava.-** Vixencia

O presente convenio marco producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente por catro anos, agás denuncia expresa por calquera das partes manifestada con dous meses de antelación. Ao seu remate poderase prorrogar anualmente por acordo expreso das partes, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **Novena.-** Orzamento

A sinatura do presente convenio marco non xerará custos nin dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria, sen prexuízo dos compromisos financeiros que no seu caso podan levar asociados os convenios específicos que posteriormente se formalice.

#### **Décima.-** Resolución anticipada

Serán causas de resolución do presente convenio marco, as seguintes:

- a) O común acordo das partes, que se plasmará por escrito.
- b) A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
- c) Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- d) A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da legislación de protección de datos de carácter persoal.



Sociedade Galega de  
Medicina Intensiva e  
Unidades Coronarias

e) Ausencia de desenvolvemento a través de convenios específicos.

En caso de extinción do convenio, por causa diferente á finalización do período de vixencia, o xeito de terminación das actuacións en curso determinarase polas partes no seo da comisión de seguimento prevista neste convenio.


**Décimo primeira.-** Natureza

O presente convenio marco ten natureza administrativa. As dúbidas que poidan xurdir sobre a súa interpretación ou cumprimento resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento, non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa a resolución dos litixios que se susciten sobre o mesmo.

**Décima segunda.-** Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio marco leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade de canto antecede, e para a debida constancia, asíñase o presente protocolo de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

  
Pola Axencia Galega de Sangue,  
Órganos e Tecidos  
  
Julio García Comesaña

Pola Sociedade Galega de Medicina  
Intensiva e Unidades Coronarias  
  
SUGAMIUC  
Sociedade Galega de  
Medicina Intensiva e  
Unidades Coronarias  
  
Pablo Vidal Cortés

